



BANDO INFORMATIVO

Axudas individuais a persoas con discapacidade para servizos de promoción da autonomía persoal

MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso (A Coruña)

INFORMA: Da apertura do prazo de solicitude das axudas individuais a persoas con discapacidade para servizos de promoción da autonomía persoal.

Obxecto: Convocar axudas individuais, de carácter non periódico, destinadas á adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal para persoas con discapacidade empadroadas nun municipio de Oroso, coa finalidade de desenvolver e manter a capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias e facilitar a execución das actividades básicas da vida diaria, de maneira que todas as persoas poidan levar unha vida o máis autónoma posible.

REQUISITOS DAS/DOS SOLICITANTES:

- Persoas que teñan recoñecido un **grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %**. Considéranse tamén así os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha **pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez**, e os **pensionistas de clases pasivas** que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter unha renda per cápita da unidade familiar de convivencia, calculada nos termos previstos no artigo 9, que non supere o 300 % do IPREM establecido para o ano 2018.
- Cumprir os requisitos establecidos con carácter xeral para obter a condición de persoa beneficiaria de subvencións no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

LUGAR DE INFORMACIÓN:

- Departamento de Servizos Sociais do Concello. Rúa do Deporte (baixo), Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono : 981 688 950

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

- Por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia ou departamento de servizos sociais do concello de Oroso.

• PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 19 de novembro de 2018.

MÁIS INFORMACIÓN: (Diario Oficial de Galicia nº 200 do 019/10/2018)

Oroso 19 de outubro de 2018.

Manuel Mirás Franqueira

PRAZA DE ISAAC DIAZ PARDO, 15 15880 SIGÜEIRO (ORO) CORUÑA T 981 691 478 | F 981 691 786 | info@concelloroso.com

